

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN PAZO DE MOS PARA A COLABORACIÓN NOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA FUNDACIÓN.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Fundación Pazo de Mos o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación Pazo de Mos para a colaboración nos gastos de funcionamento da Fundación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actuacións, por canto se trata dunha actividade única e especial por todo o que representa a Fundación Pazo de Mos. A actividade fundamental da fundación é coordinar proxectos e colaborar con programas sociais e culturais que fomenten a conservación do patrimonio, o benestar social e o desenvolvemento sostible. Ademais, promove alianzas entre institucións e organizacións para fortalecer o impacto das súas iniciativas. A fundación desempeña un papel clave na dinamización social, cultural e educativa do territorio, promovendo actividades de interese xeral para a comunidade e visitantes. O Pazo de Mos é un Ben Inmóbel de Interese Cultural, recoñecido por ser os máis singulares do patrimonio cultural galego pola súa forma de propiedade veciñal, as súas prazas e xardíns como espazo inclusivo e sostible para a socialización e benestar na comunidade.

Por todo o anterior é a Fundación Pazo de Mos a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

